



## Teaching Guide

Identifying Data					2017/18
Subject (*)	Teaching Galician History and Geography		Code	652G01029	
Study programme	Grao en Educación Infantil				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	2nd four-month period	Third	Optativa	4.5	
Language	Galician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación				
Coordinador	Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán	E-mail	uxio.breogan.dieguez.cequiel@udc.es		
Lecturers	Diéguez Cequiel, Uxío-Breogán	E-mail	uxio.breogan.dieguez.cequiel@udc.es		
Web					
General description	<p>A materia está orientada ao traballo experimental, activo e vivencial, de cara a descubrir e comprender o contorno, o medio galego, como un recurso didáctico e como unha fonte versátil de aprendizaxe. Preténdese que o alumnado coñeza, deseñe e experimente con recursos, ferramentas e materiais didácticos.</p> <p>Ensáíase, de maneira experimental, a metodoloxía de traballo por proxectos. Así, a materia vana definindo a propia dinámica do curso e os centros de interese do alumnado, polo que se trata dun programa flexible e aberto, aínda que cunha relación de temas a tratar. O núcleo da materia está formado pola propia metodoloxía experimental na que se fomenta a participación activa, a creatividade e a autonomía.</p> <p>Realízanse obradoiros, actividades interdisciplinares e saídas culturais.</p>				

## Study programme competences / results

Code	Study programme competences / results
A23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuír á innovación e á mellora en educación infantil.
A26	Saber analizar os datos obtidos, comprender criticamente a realidade e elaborar un informe de conclusións.
A33	Coñecer os fundamentos científicos, matemáticos e tecnolóxicos do currículo desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
A36	Coñecer a metodoloxía científica e promover o pensamento científico e a experimentación.
A37	Adquirir coñecemento sobre a evolución do pensamento, as costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia.
A39	Elaborar propostas didácticas en relación coa interacción ciencia, técnica, sociedade e desenvolvemento sustentable.
A40	Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos adecuados.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B8	Capacidade de adaptación a situacións novidasas.
B9	Autonomía na aprendizaxe.
B10	Capacidade de análise e síntese.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B12	Capacidade de organización e planificación.
B15	Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.
B17	Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos.



B18	Capacidade para relacionarse positivamente con outras persoas.
B20	Coñecemento de outras culturas e de outras costumes.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences / results		
Coñecer e comprender o medio cultural de Galicia como espazo dinámico cun importante potencial educador, e como recurso metodolóxico e didáctico de aplicación na Educación Infantil.	A23 A26 A37	B1 B3 B11 B12 B15 B20 B24	C4 C7
Deseñar propostas e actividades didácticas, dende unha metodoloxía de traballo por proxectos, sobre o contorno cultural galego axeitados ó ensino infantil. Aprender a construír proxectos dende o coñecemento e as emocións.	A33 A36 A39 A40	B1 B4 B5 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B17 B18	C1 C4 C6 C7
Fomentar actitudes de valoración, respecto e conservación do patrimonio natural, cultural e histórico de Galicia	A37 A40	B5 B6	C4 C7 C8

Contents	
Topic	Sub-topic
Unidade 1. -Introdución.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Como pensamos e deseñamos a materia?</li> <li>- Que obxectivos nos marcamos?</li> <li>- Cales son os centros de interese?</li> <li>- De que coñecementos partimos?</li> <li>- Contidos e metodoloxía: propostas.</li> <li>- A interdisciplinariedade e o traballo por proxectos na didáctica do medio xeográfico e histórico de Galicia.</li> </ul>



<p>Unidade 2.</p> <p>-Paisaxes naturais, históricas e culturais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Que é a paisaxe?</li> <li>- Observacións e análise de paisaxes naturais, históricas e culturais.</li> <li>- As fontes de información e documentación no entorno.</li> <li>- Como ler e interpretar a paisaxe.</li> <li>- O clima, o relevo, a auga, a flora e fauna, a poboación de Galicia, etc., para traballar na E. Infantil.</li> </ul>
<p>Unidade 3.</p> <p>-As poboadoras e poboadores de Galicia. Desde a Prehistoria á Idade Contemporánea.</p> <p>-A evolución cultural galega e a súa relación con outras culturas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Prehistoria e Historia na Educación Infantil?: a curiosidade, a motivación e os centros de interese.</li> <li>- A Arte e outras manifestacións da comunicación e creatividade.</li> <li>- Experiencias: traballando a historia na E. Infantil dende as emocións, a creatividade e a flexibilidade.</li> </ul>
<p>Unidade 4.</p> <p>-Temas monográficos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nesta unidade traballaranse cuestións e temas concretos que vaian xurdindo da propia dinámica da aula e de especial actualidade.</li> <li>Ensaíarase o traballo por proxectos, cunha ou máis temáticas de contidos, recursos e aplicacións didácticas idóneos coa materia.</li> <li>- Os obradoiros estarán directamente relacionados con estes temas.</li> </ul>

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Introductory activities	B1 C1	1	2	3
Collaborative learning	B4 B5 B7 B8 B18	2	7	9
Events academic / information	B6 B8 B15 C7	5	12	17
Field trip	A23 A40 B6 C4	6	16	22
Guest lecture / keynote speech	A37 B3 B20 B24 C6 C8	5	10.5	15.5
Seminar	A26 A33 A36 A39 B1 B4 B5 B7 B8 B9 B11 B12 B17 B18 C1	11	30	41
Objective test	A37 A39 B9 B10 B11	1	2	3
Personalized attention		2	0	2

(\*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Periodicamente e sistematicamente faranse debates e discusións de ideas previas sobre a motivación, interese e coñecementos con respecto á planificación e desenvolvemento da materia.
Collaborative learning	Organización en pequenos grupos para traballar conxuntamente na resolución de tarefas sobre temas que xurdan da dinámica da propia materia e temas propostos pola profesora.
Events academic / information	Realízase algunha actividade tipo conferencia, charla, encontro, pequeno curso nas que o alumnado terá a oportunidade de coñecer as experiencias que se están a realizar na Educación Infantil e actualizar os seus coñecementos, relacionados co ámbito da materia.
Field trip	Son saídas concibidas para o coñecemento do medio cultural no seu máis amplo ámbito, por medio da aprendizaxe directa. Son a base para a realización de propostas didácticas por parte do alumnado. Poderanse realizar saídas a exposicións, contornos naturais e encraves de interese cultural.
Guest lecture / keynote speech	As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema. Terán unha orientación claramente didáctica e de aplicación das aprendizaxes nas aulas de Infantil.



Seminar	Realizaranse traballos en grupo, cun papel decisivo por parte do alumnado no que respecta á participación, discusión, toma de decisións en común, busca de información e documentación, establecemento de metodoloxías, elección de temáticas en relación coa orientación da materia e desenvolvemento dos mesmos. O carácter didáctico será primordial. A profesora guiará esta actividade.
Objective test	Ao ser esta unha materia de marcado carácter experimental, didáctico e de traballo colaborativo, realizarase un exercicio simple para que cada alumna/o responda de maneira individual ás cuestións traballadas.

### Personalized attention

Methodologies	Description
Seminar	Os seminarios terán un seguimento personalizado para garantir o cumprimento dos obxectivos e prazos así como para resolver dúbidas.

### Assessment

Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Objective test	A37 A39 B9 B10 B11	Ao tratarse dunha materia flexible que se vai construíndo segundo os centros de interese do alumnado guiado pola profesora, e de marcado carácter experimental, esta proba é un exercicio simple a modo de resumo individual da actividade desenvolvida por cada alumna/o.	40
Field trip	A23 A40 B6 C4	A asistencia será obrigatoria e puntuará a participación activa, así como nas tarefas previas e posteriores ás mesmas.	20
Events academic / information	B6 B8 B15 C7	A asistencia será obrigatoria e as alumnas e alumnos realizarán comentarios escritos acerca das actividades.	20
Seminar	A26 A33 A36 A39 B1 B4 B5 B7 B8 B9 B11 B12 B17 B18 C1	Valorarase a participación e implicación, o criterio, a puntualidade nas entregas, a creatividade e a calidade do traballo. Con ser un traballo de grupo, terase en conta a participación de cada estudante.	20
Others			

### Assessment comments

Na avaliación terase en conta a actitude, interese, participación e dedicación á materia. Ao tratarse dunha materia de marcado carácter práctico e vivencial, non se aconsella ao alumnado con dispensa académica. Así e todo, o alumnado que se acolla á dispensa académica, deberá realizar un traballo de curso individual e a proba obxectiva, sendo cualificados nun 50% cada unha destas metodoloxías. Para acollerse a esta modalidade, é condición necesaria asistir a titorías (mínimo 2) para facer un seguimento directo da construción do traballo de curso.

### Sources of information



<b>Basic</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aldrey Vázquez, J.A., Lois González, R.C. ((2010)). Breve Xeografía de Galicia. Vigo: A Nosa Terra</li> <li>- Cooper, H. ((2002)). Didáctica de la historia en la enseñanza infantil y primaria. Madrid: MEC-Morata</li> <li>- Castro, X. ((2007)). Historia da vida cotiá en Galicia. Vigo: NigraTrea</li> <li>- Dieguez Cequiel, U.-B. ((2015)). Reflexións arredor da Galiza para o debate. Historia, Xeografía.... Compostela: FESGA</li> <li>- Méndez Fernández, L. ((2000)). Por que se chama así este sitio. Santiago: Lea</li> <li>- Pérez Alberti, A. ((2008)). Espacios naturales de Galicia. Lundweg</li> <li>- Mariño, X.R. &amp; González, X.M. ((2010)). Diccionario de etnografía e antropoloxía de Galiza.. Vigo: Nigratrea.</li> <li>- Egan, K. ((2010)). Learning in Depth. Chiicago: The University of Chicago Press</li> <li>- Varios Autores ((1991-2008)). Galicia. Proxecto Hércules. A Coruña: Hércules Editorial.</li> <li>- Varios Autores ((1999)). Atlas histórico de Galicia. Vigo: Nigra Trea</li> <li>- Varios Autores ((2005)). Historia Xeral de Galicia. Vigo: A Nosa Terra</li> <li>- Villares, R. ((2004)). Historia de Galicia. Vigo: Galaxia</li> </ul> <p>Segundo avance o curso, iranse proporcionando outras referencias máis específicas, quer sobre Historia e Xeografía de Galiza, quer sobre Didáctica da Historia e da Xeografía, entre outras.</p>
<b>Complementary</b>	 

### Recommendations

#### Subjects that it is recommended to have taken before

#### Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Teaching on the Social and Cultural Environment/652G01025

#### Subjects that continue the syllabus

#### Other comments

Trátase dunha materia que se realizará principalmente cunha metodoloxía de participación activa, na que a propia dinámica do curso irá sinalando os centros de interese do alumnado e, en base a estes, iranse concretando temáticas e actividades a realizar. Así, a asistencia e participación e en todas as actividades desenvolvidas no contexto da materia, son imprescindibles.

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.